Piñeiro-Otero, Teresa; DePalma Úngaro, Renée; Amigo Ventureira, Ana (2022): Audiocontos para educación en diversidade afectivo sexual. En García Naya, J.A. (ed.) (2022). *Contextos universitarios transformadores: a innovación como eixo vertebrador da docencia. VI Xornadas de Innovación Docente*. Cufie. Universidade da Coruña. A Coruña (pág. 215-229).

DOI capítulo: <https://doi.org/10.17979/spudc.000016.215>

DOI libro: <https://doi.org/10.17979/spudc.000016>

ABSTRACT

This text refers to a Learning and Service practice developed in the Sound Design class of the Degree in Digital Creation, Animation and Videogames in collaboration with the University of A Coruña's Center for Gender and Feminist Studies-CEXF. This practice was carried out within the framework of the project "Bibliodiversity. Libraries as agents for educating in gender and sexual diversity", whose aim was to promote the use of children's and young people's literature as a didactic tool in the classroom. From a selection of picture books, the students were confronted with the creation of a story entirely in sound in all its phases, from the script to post-production, using the creative and expressive potential of sound to bring the idea to a child audience. This reorientation of the practice "sound narration" led the students - future creators of animation and videogame contents- to develop a critical reflection on the necessary visibilization of gender and sexual diversity for a democratic society, in addition to the competences of the subject.

KEY WORDS: Audio stories, children's and young adult literature, education in gender and sexual diversity, sound design, sound storytelling.

1. INTRODUCCIÓN

Un informe das Nacións Unidas sobre violencia baseada na orientación sexual e na identidade/expresión de xénero en entornos educativos (UNESCO, 2016) puxo de manifesto que o estudiantado LGBTQ+ soe ser obxecto de violencia homofóbica e transfóbica. Nun informe posterior a UNESCO (2018) define esta violencia como toda aquela baseada no medo, a incomodidade, a intolerancia ou u odio á homosexualidade, ás persoas sexualmente diversas ou ás persoas transxénero.

A violencia homófoba e tráfoba na escola supón unha proxección dunha realidade social, que alimenta e perpetúa discursos de odio dentro e fóra da Rede. Para incidir contra estas violencias a escola, como principal axente socializador, debería abordar as desigualdades baseadas no xénero, de cara a corrixir crenzas esencialistas persistentes na cultura patriarcal, e incorporar proactivamente a diversidade de xénero e sexual dende idades temperás (Reiss, 2017; Nicholas, 2016). Un cometido no que o profesorado xoga un papel fundamental. Non obstante con frecuencia aspectos como as súas actitudes [e prexuízos], a falta de preparación e/ou a carencia de recursos para tratar a diversidade afectiva, de sexo, sexualidade i experiencias de xénero, supoñen unha barreira para a súa integración nas aulas (Kwok, 2019; Allen, 2020; Amigo, DePalma e Durán-Bouza, 2022).

O proxecto “Bibliodiversidade. As bibliotecas como axentes para educar na diversidade afectivo-sexual”, do Centro de Estudos de Xénero e Feministas (en adiante CEXEF) da Universidade da Coruña supón unha contribución nesta liña. A partir dunha selección de libros e unha Guía de boas prácticas (Amigo, DePalma e Varela-Suárez, 2022) o proxecto busca promover o uso da literatura infantil e xuvenil como ferramenta para visibilizar e educar en torno diversidade de orientación sexual e a identidade/expresión de xénero.

2. [AUDIO]CONTOS COMO FERRAMENTAS DIDÁCTICAS

Os contos constitúen recursos didácticos de excepción. Ao longo da súa historia a humanidade empregou este tipo de relatos para a transmisión de ideas complexas e vehicular

coñecementos i ensinanzas -incluídas normas sociais, roles e crenzas compartidas- dunha forma sinxela, atractiva e memorable. Na tradición oral persisten numerosas historias que teñen carácter de memes: unidades mínimas culturais que pasan de mente a mente, de xeración en xeración a través de procesos de transmisión e replicación (Dawkins, 1974).

No caso concreto da infancia os contos constitúen un dos principais recursos educativos xa que logo, con frecuencia a literatura infantil supón o medio máis axeitado para poder transmitir principios e valores que consideramos básicos e sociais (Mateos Martín, 2020). Neste senso Nieto Martín e González Pérez (2002) definen literatura infantil como toda obra, concibida ou non para a infancia, que posúe valores éticos i estéticos precisos para satisfacer os seus intereses e necesidades. Dende unha perspectiva Mateos Martín (2020) sinala diversas funcións para a literatura infantil como a lúdica -de grande potencial para chegar a cativada-, moral, terapéutica, didáctica e a formación de valores, entre outras.

Máis aló dos textos en soporte físico, dos coñecidos como álbums deseñados, outra forma de achegarse á literatura infantil é a través dos audiolibros. Uns contidos, cun século de historia, que están a vivir un importante despegue no momento actual grazas a popularización das plataformas de audio en liña.

Malia que a oferta de audiolibros para un público infantil é aínda limitada, as plataformas comerciais dispoñen dun crecente catálogo de contidos ademais doutros servizos vencellados, como a aplicación, que fai máis atractiva a súa lectura.

O consumo de audiolibros conta cunha serie de beneficios que poden complementar aos da lectura tradicional. Algúns deles son o fortalecemento da capacidade das crianzas para escoitar, prestar atención e emocionarse cunha voz; o seu carácter compartido que fomenta a socialización; o feito de que poden servir como unha continuación da lectura en voz alta, cuestión que facilita o recoñecemento de palabras, matices na voz, etc. e o feito de que promovan a igualdade de oportunidade para persoas con dificultades lectoras, discapacidade cognitiva ou visual (García-Rodríguez e Gómez-Díaz, 2019).

Lonxe de constituír gravacións dunha voz, que se limita a ler o texto orixinal, un audiolibro soe implicar unha adaptación do relato, habitualmente como narración ou narración dramatizada, cun deseño de son que permite situar á persoa oínte e somerxela na historia.

Na liña dos estudos sobre narrativas sonoras, unha boa selección de efectos, voces, ou emprego de planos sonoros na adaptación sonora de libros propiciará unha maior inmersión do oínte, e incluso experiencias imaxinativas de gran intensidade que levan á persoa oínte a gozar das vivencias e sensacións dos personaxes como si se localizase dentro do mesmo relato (Rodero, 2012; Sood, 2002). Nos audiocontos esta adaptación pode implicar niveis máis elevados de creatividade ao enfrontarse á construción sonora de personaxes e contextos diversos: animais parlantes, figuras xeométricas, amigos imaxinarios...

Porén, o desenvolvemento dun audioconto constitúe unha práctica de grande interese para o estudantado de materias vinculadas ao son, especialmente daquelas que implican traballar coa expresividade e creatividade da súa linguaxe.

3. DESCRICIÓN DA EXPERIENCIA

Un dos retos das sociedades contemporáneas é o do fomento dunha cidadanía crítica, consciente e respectuosa coas diversidades. Os centros educativos, a todos os niveis, teñen a responsabilidade de formar alumnado responsable e respectuoso en relación coa diversidade humana. Este fin socio-educativo foi o que motivou o desenvolvemento do proxecto “Bibliodiversidade. As bibliotecas como axentes para educar na diversidade afectivo-sexual”, do CEXEF, i este mesmo fin -vencellado á competencia transversal “Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero”- foi o que levou a plantexar a iniciativa de aprendizaxe e servizo Bibliodiversidade sonora.

“Bibliodiversidade sonora. Audicontos para a educación en diversidade afectivo sexual” foi unha iniciativa froito da colaboración entre o alumnado da Facultade de Ciencias da Comunicación e o CEXEF da Universidade da Coruña, que se levou a cabo no curso 2021-

2022 dentro da materia Deseño Sonoro do Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos. Dita materia ten como cometido dotar ao alumnado da formación oportuna para coñecer e analizar os compoñentes do son en función das súas posibilidades expresivas tanto en contidos de audio como na súa relación coa imaxe; manexar os códigos do son e da música no audiovisual -con especial atención ao ámbito da animación e os videoxogos- e atender ao deseño sonoro íntegro destes produtos audiovisuais atendendo a cuestións de tipo narrativo, estético e funcional.

O establecemento desta colaboración co CEXEF foi causal. A converxencia no tempo -primeiro cuadrimestre do curso- co desenvolvemento do proxecto, xunto o estreito vínculo da docente responsable da Deseño sonoro co CEXEF levaron a propor unha actividade que permitise ao alumnado desenvolver competencias da materia a través da produción de pezas sonoras que pasarían a formar parte dos contidos do proxecto “Bibliodiversidade. As bibliotecas como axentes para educar na diversidade afectivo-sexual”.

Entre as metodoloxías que conforman a estratexia didáctica de Deseño sonoro merece especial atención a aprendizaxe por proxectos, tanto polo seu peso no cronograma e avaliación da materia como pola maior implicación do alumnado (Markham, Larmer e Ravitz , 2003), que se ten que enfrontar ao desenvolvemento íntegro de traballos próximos á práctica profesional.

Para García-Varcácel e Basilotta (2017) a aprendizaxe baseada en proxectos pode definirse como unha modalidade de ensino centrada en tarefas a través dun proceso compartido de negociación entre os participantes, de cara á obtención dun produto final.

En concreto o alumnado de Deseño sonoro debe enfrontarse en grupos, ao deseño e produción íntegra do son de dúas pezas: unha exclusivamente sonora (“relato sonoro”) e outra de carácter audiovisual, na que o estudantado ten como cometido desenvolver a ambientación sonora e musical dun corto ou *recut* de animación (“proxecto final”).

A coincidencia no tempo co proxecto Bibliodiversidade levou a reorientación da práctica de “relato sonoro”, o que permitiu a atención a dúas competencias máis: Desenvolverse para o

exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero; e Transmitir información, ideas, problemas e solucións a públicos diversos

Táboa1. Competencias vencelladas á práctica “relato sonoro”.

COMPETENCIAS VENCELLADAS Á PRÁCTICA DE RELATO SONORO
Coñecer os compoñentes do son-música, potencialidades e principais códigos
Organizar os materiais sonoros conforme unha idea, empregando as técnicas narrativas-tecnolóxicas precisas para a súa produción
Capacidade de organización, planificación, resolución de problemas e traballo en equipo
Capacidade de crítica e autocrítica. Necesaria en todo proceso creativo no que se busca un compromiso coa calidade do traballo, os resultados e as solucións propostas

Neste senso, o servizo desenvolvido foi o de crear audiocontos a partir da adaptación de álbumes ilustrados da selección de textos do proxecto Bibliodiversidade. A listaxe de álbumes ilustrados cos que se traballou foi a seguinte:

- *Families, families, families* de Suzane Lang e Max Lang
- *año que é un porquiño* de Pim Lammers, Milja Praagman
- *Sirenas* de Jessica Love
- *Rojo. Historia de una cera de colores* de Michael Hall
- *Monstruo Rosa* de Olga de Dios
- *Ni Miau ni guau* de Blanca Lacasa
- *iVivan as unllas de cores!* de Alicia Acosta, Luis Amavisca
- *Mi papá es un payaso* de José Carlos Andrés
- *La princesa vestida con una bolsa de papel* de Robert Munsch e Michael Martchenko
- *Me llamo pecas* de Raquel Díaz Reguera
- *Titiritesa* de Xerardo Quintia Perez



Fig.1 Álbumes ilustrados seleccionados. Fotografía das portadas.

A idea de base é que estes audiocontos pasasen a formar parte dos materiais do proxecto Bibliodiversidade de cara a fomentar e facilitar a integración da educación en diversidade afectiva-sexual nas aulas de infantil.

Tendo en conta as particularidades do alumnado neste primeiro ciclo de ensino, fornecer dunha versión en audio que complemente e/ou supla o texto orixinal (en formato álbum ilustrado) pode impulsar a súa integración nos contidos didácticos, así como facer o recurso máis accesible. O seu acceso libre e gratuito dende a web (en liña ou previa descargar) permite o seu goce por oíntes que non tiveron contacto co texto orixinal, e posibilita certa autonomía no seu consumo a persoas con discapacidade. De feito, como sinala Cordón-García (2018) un dos pioneiros na creación de audiolibros foi o británico *Royal National Institute of Blind People*, que na década 20 comezou a publicar os seus *talking books*.

No caso concreto do alumnado de Deseño sonoro, a proposta de Bibliodiversidade sonora tivo por obxecto a experimentación coas potencialidades do son para a construción de relatos complexos -adaptación dun texto cun forte apoio visual- doados de seguir e comprender polas persoas oíntes (público infantil).

Ademais de fomentar a reflexión en torno a diversidade afectiva sexual, a reorientación desta práctica implicou unha maior complexidade no guión, deseño e execución das pezas sonoras

coa adaptación dos álbums ilustrados á linguaxe-forma dos audiolibros, de forma comprensible e atractiva para o seu público final, e con capacidade de suscitar imaxes mentais que potenciasen a inmersión no relato

Outro dos obxectivos deste ApS foi o de sensibilizar ao alumnado para o seu desenvolvemento como cidadanía -e a futura profesión- crítica, respectuosa e comprometida

Para a consecución destes obxectivos se propuxo un proxecto que se desenvolveu ao longo de tres semanas (entre outubro e novembro de 2021), atendendo a cinco fases: catro no ámbito concreto da Facultade -proposta, selección do proxecto, deseño e desenvolvemento e avaliación- e unha quinta, de selección, que correu a cargo das coordinadoras de Bibliodiversidade.




Fig. 2 Proceso de desenvolvemento da experiencia.

1ª Fase: Presentación do proxecto de ApS nos grupos de seminario. Nesta presentación, ademais de traballar as potencialidades do son para crear relatos e xerar imaxes mentais, e de achegar algunhas indicacións sobre como escribir para escoitar, abordáronse polo miúdo cuestións relativas á integración da perspectiva de xénero, que é a diversidade afectivo sexual e o porque da importancia da súa visibilidade e normalización para a consecución de sociedades democráticas e inclusivas. Nesta sesión, de hora e media de duración, tamén se abordou o papel socializador audiovisual e dos videoxogos e a falta de diversidade nas representacións destes produtos como unha eiva para o desenvolvemento dunha cidadanía igualitaria e inclusiva.

2º Fase. Selección dos textos a adaptar. A partir dunha listaxe de álbumes ilustrados (e contidos complementarios) publicados en Moodle, os grupos de estudantes seleccionaron o texto sobre o que ían traballar.

3ª Fase. Deseño e desenvolvemento: Nesta fase abordouse a adaptación do texto, que foi plasmada no guión sonoro. Seleccionáronse e graváronse voces, músicas e efectos de son e se levou a cabo a montaxe e posproducción íntegra da peza. O papel da docente nesta fase foi o de revisar os guións, suxerindo posibles cambios e melloras, así como o seguimento - a demanda do estudantado- de todo o proceso.

4º Fase. Avaliación: Unha vez rematado o prazo de entrega as pezas publicáronse no campus virtual para proceder a súa avaliación. A partir dunha rúbrica, complementouse a avaliación tradicional -desenvolvida pola docente- coa avaliación entre pares e autoavaliación dos traballos de cada grupo.

5º Fase selección. Rematado o proceso de avaliación dentro da materia, os audiocontos foron remitidos as coordinadoras do proxecto que seleccionaron aquelas pezas que formarían parte dos recursos de Bibliodiversidade.

4. RESULTADOS

Segundo se sinala na Guía Docente, a práctica de “relato sonoro” ten por obxecto a creación dunha peza sonora, dotada de sentido completo, sen empregar para elo a voz ou, a lo menos, sen utilizala como soporte da historia. O que se pretende con esta práctica é que o alumnado experimente coas potencialidades do son para a construción de relatos complexos, que sexan doados de seguir e de comprender polas persoas oíntes. Ao limitar o emprego da voz búscase que o alumnado fuxa da idea do relato sonoro como un texto verbal, cunha música de fondo, para aproveitar as capacidades expresivas e creativas do son, tanto dos compoñentes sonoros (música, efectos sonoros, silencio e voces), como dos planos sonoros e determinados tratamentos do son (filtros, cambio de tempo, cambio de ton, etc.).

Coa reorientación da práctica de relato sonoro á de bibliodiversidade sonora a voz pasou a ter un lugar protagonista mais como parte dun relato no que o alumnado tiña que traballar tanto compoñentes sonoros, planos sonoros e tratamento auditivo, como a forma de elocución e a adaptación integral do texto.

Seguindo a Vallorani (2011) neste contexto a voz incorpora unha característica peculiar ao audilibro que, sumada ao ton e estilo convirten en única a experiencia de escoita e, xunto cos eventos e ritmo, suxire unha interpretación posible da á/ao ouvinte.

A transformación dunha práctica orientada á experimentación e creatividade sonora, ao proxecto de “Bibliodiversidade sonora” incrementou a súa dificultade: o alumnado tivo que traballar con textos existentes -con primacía da imaxe- e trasladalos á linguaxe sonora. Nesta adaptación, ademais de facer equilíbrios entre creatividade e comprensión do relato, o alumnado non podía perder de vista os destinatarios finais: nenos e nenas de infantil.

A proposta de crear contidos que saísen do campus virtual, e da aula universitaria, para ter proxección na escola e -por extensión na sociedade- aguilloou o interese e creatividade dos estudantes, acadando unha maior implicación inicial que outras prácticas.

Neste proceso de converter unha práctica da materia nun servizo, ligado a un proxecto, complementouse a avaliación tradicional coa valoración por parte das responsables do proxecto, que funcionou a modo de validación externa das pezas. Como especialistas na materia, a súa intervención serviu para seleccionar as pezas sonoras seguindo criterios como facilidade de comprensión, adecuación ao público infantil e -en xeral- calidade de adaptación do album ilustrado.

Esta valoración final levaría á selección de dúas pezas como parte dos recursos do proxecto Bibliodiversidade para o traballo da diversidade afectivo-sexual nas aulas de infantil. Estas pezas -*La princesa vestida con una bolsa de papel*, do grupo What´Tiff, e *O año que é un poquiño*, de Planeta Peto- están accesibles ao público dende a canle do proxecto en Spotify (escoitar aquí <https://spoti.fi/3CzT1ao>).

Na liña sinalada por García-Rodríguez Gómez-Díaz (2019), ademais de contidos de calidade dende unha perspectiva sonora, para o éxito de Bibliodiversidade sonora apostamos pola presentación e distribución dos audiocontos na principal plataforma de distribución sonora no contexto actual, tanto no ámbito español como global: Spotify.

5. CONCLUSIÓN

O desenvolvemento desta actividade permitiu ao alumnado enfrontarse á creación dun relato integramente sonoro en todas as súas fases, dende o guión ata a posprodución, empregando as potencialidades creativas e expresivas dos compoñentes do son -voz, música, efectos sonoros e silencio- así como do seu tratamento, na liña das competencias da materia. Pero tamén lles esixiu adaptar o contido ao público destinatario - infantil- así como unha reflexión crítica en torno á diversidade afectivo-sexual. Resulta unha reflexión esencial de ter en conta que o alumnado participante vai compor a futura forza laboral das industrias da animación e videoxogos, dúas industrias cuxos produtos se teñen situado entre os principais axentes socializadores da infancia e mocidade.

O resultado foi positivo en termos de implicación e de reflexión crítica, se ben incrementou a complexidade dunha práctica inicialmente orientada á creatividade sonora.

Non entanto, a complexidade do proxecto, máis o axustado do seu cronograma -pensado para tres semanas de curso- así como a converxencia con entregas doutras materias, levaría a un progresivo descenso deste compromiso nalgúns dos grupos, con proxección na calidade dos contidos.

En calquera caso grazas aos procesos de autoavaliación e coavaliación, o alumnado desenvolveu unha escoita crítica de todos os contidos que lle permitiu, de forma autónoma, detectar debilidades e fortalezas na adaptación destes álbumes ilustrados.

Como propostas de mellora para vindeiras edicións debería incidir na organización temporal e de contidos, e na nota da práctica. Por una banda, os erros máis frecuentes na adaptación dos textos puxeron de manifesto a necesidade de desenvolver unha clase presencial

integramente destinada á adaptación e guión sonoro. Espectador máis que oínt, o alumnado amosou algunhas carencias respecto á adaptación da elocución dos textos, como por exemplo ata onde conta o axente narrador ou que partes quedan na boca das personaxes ou recaen no deseño sonoro, polo que se fai preciso reforzar estes contidos.

Por outra parte para evitar a caída de motivación debería ampliarse o tempo de duración da práctica a un mes, mellorar a coordinación de entregas con outras materias e -sobre todo- incrementar a valoración final da práctica. A implicación e traballo que esixiu esta práctica supera con creces o punto co que se valoraba o relato sonoro.

Finalmente, dadas as potencialidades desta práctica e a súa proxección, máis nun momento de auge do audio dixital e dos audiolibros (García-Rodríguez e Gómez-Díaz, 2019), pensamos que esta iniciativa podería ter continuidade tanto dentro do proxecto Bibliodiversidade -en proceso de expansión- como parte doutras iniciativas ligadas aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

5. REFERENCIAS

- Allen, L. (2020). Heterosexual students' accounts of teachers as perpetrators and recipients of homophobia. *Journal of LGBT Youth*, 17(3), pp. 260–279.
<https://doi.org/10.1080/19361653.2019.1643272>
- Amigo, A., DePalma, R. e Durán Bouza, M. (2022). Homophobia and Transphobia Among Spanish Practicing and Future Teachers. *American Journal of Sexuality Education*. 17(3), pp. 277-303. <https://doi.org/10.1080/15546128.2022.2035290>
- Amigo, A., DePalma, R. e Varela Suárez, A. (2022). *Bibliodiversidade: guía de boas prácticas*. A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña.
- Cordón-García, J.A. (2018). Leer escuchando: reflexiones en torno a los audiolibros como sector emergente. *Anuario ThinkEPI*, 12, pp. 170-182. <https://doi.org/10.3145/thinkepi.2018.23>
- Dawkins, R. (1974). *The selfish gene*. Oxford: Oxford University Press

García-Rodríguez, A.; Gómez-Díaz, R. (2019). ¿Leer con los oídos?: audiolibros y literatura infantil y juvenil. *Anuario ThinkEPI*, 13, 1-13.

<https://doi.org/10.3145/thinkepi.2019.e13c01>

García-Varcácel, A. e Basilotta, V. (2017). Aprendizaje basado en proyectos (ABP): evaluación desde la perspectiva de alumnos de educación primaria. *Revista de Investigación Educativa*, 1 (35), pp. 113-131.

<https://redined.educacion.gob.es/xmlui/bitstream/handle/11162/215854/Mateos.pdf?sequence=1&isAllowed=y>

Kwok, D. K. (2019). Training educators to support sexual minority students: views of Chinese teachers. *Sex Education*, 19(3), pp. 346–360.

<https://doi.org/10.1080/14681811.2018.1530649>

Markham, T., Larmer, J. e Ravitz, J. (2003). *Project Based Learning: A guide to standards-focused project based learning*. Oakland: Buck Institute for Education.

Mateos Martín, A (2020). La literatura infantil como medio para educar en valores. Análisis de cuentos. *Papeles Salmantinos de Educación*, 24, pp.31-53.

Nicholas, L. (2016). We must celebrate gender and sexual diversity in our schools. *The Conversation*.

<http://theconversation.com/we-must-celebrate-gender-and-sexual-diversity-in-our-schools-54740>

Nieto Martín, S. y González Pérez J. (2002). *Los valores en la literatura infantil: Estudio empírico, técnicas y procedimientos de análisis*. Valladolid: Aral.

Reiss, M. J. (2017). Education and Sexualities: The Next Generation. En P. Aggleton, *Education and Sexualities* (pp.195-210). Routledge. <https://www.routledge.com/Education-and-Sexualities/Aggleton/p/book/9781138827431>

Rodero, E. (2012). ¿Veo cuando oigo? Recursos sonoros para estimular la creación de imágenes mentales en el oyente. *Lecciones Portalcomunicacion.com*

https://incom.uab.cat/portalcom/wp-content/uploads/2020/01/63_esp.pdf

- Sood, S. (2002). Audience involvement and entertainment-education. *Communication Theory*, 12, pp.153–172. doi:<https://doi.org/10.1093/ct/12.2.153>
- UNESCO (2016). *Out in the open: Education sector responses to violence based on sexual orientation and gender identity/expression*.
<https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000244756>
- UNESCO (2018). *International technical guidance on sexuality education: An evidence-informed approach* (revised edition).
<http://unesdoc.unesco.org/images/0026/002607/260770e.pdf>
- Vallorani, C. M. (2011). *La oralidad tecnológica-digital. Estudio pragmático-comunicativo sobre la oralidad en el audiolibro*. Universidad de Alicante. Trabajo fin de Máster.
https://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/19656/6/cecilia_vallorani.p

DESARROLLO DE COMPETENCIAS EN VISIÓN ARTIFICIAL UTILIZANDO ESTRATEGIAS DE APRENDIZAJE COOPERATIVO MULTIESPECIALIDAD CON ESTUDIANTES DE TFG

Ramos García, Lucía¹; de Moura Ramos, José Joaquim²; Ortega Hortas, Marcos³;
Novo Buján, Jorge⁴

*¹Universidade da Coruña, Facultad de Informática,
0000-0002-0252-863X*

*²Universidade da Coruña, Facultad de Informática,
0000-0002-2050-3786*

*³Universidade da Coruña, Facultad de Informática,
0000-0002-2798-0788*

*⁴Universidade da Coruña, Facultad de Informática,
0000-0002-0125-3064*

RESUMEN

Los nuevos paradigmas derivados de la implantación del Espacio Europeo de Educación Superior conllevan un incremento importante en el uso de metodologías activas centradas en el desarrollo de competencias, fomentando la participación e implicación del estudiante en el proceso de aprendizaje. En el contexto del título de Graduado en Ingeniería Informática de la Universidade da Coruña, se ofertan diferentes itinerarios o menciones que, además de las competencias generales y transversales, profundizan en las competencias propias de cada especialidad. En el Trabajo Fin de Grado (TFG) de este título se abordan problemas complejos del mundo real que a menudo requieren competencias de diferentes especialidades. Con el objetivo de conseguir que los alumnos/as adquieran conocimientos específicos de otras especialidades como complemento para la elaboración de su TFG, en este trabajo se propone una estrategia de innovación docente basada en aprendizaje cooperativo multiespecialidad con estudiantes de TFG de las menciones en Ingeniería del Software y Computación. Para evaluar el impacto de esta estrategia de innovación docente, los estudiantes involucrados han respondido a un cuestionario anónimo, mostrando en general un alto grado de satisfacción en cuanto al nivel de aprendizaje, el desarrollo de competencias así como a la valoración global de la propuesta.

PALABRAS CLAVE: Metodologías activas, Aprendizaje cooperativo, Aprendizaje basado en competencias, Visión artificial, Innovación docente

CITA RECOMENDADA:

Ramos García, Lucía; de Moura Ramos, José Joaquim; Ortega Hortas, Marcos; Novo Buján, Jorge (2022): Desarrollo de competencias en visión artificial utilizando estrategias de aprendizaje cooperativo multiespecialidad con estudiantes de TFG. En García Naya, J.A. (ed.) (2022). *Contextos universitarios transformadores: a innovación como eixo vertebrador da docencia. VI Xornadas de Innovación Docente*. Cufie. Universidade da Coruña. A Coruña (pág. 231-242).

DOI capítulo: <https://doi.org/10.17979/spudc.000016.231>

DOI libro: <https://doi.org/10.17979/spudc.000016>

ABSTRACT

The new paradigms derived from the implantation of the European Higher Education Area entail a relevant increase in the use of active methodologies focused on the development of competences, encouraging the participation and involvement of the student in the learning process. In the context of the Degree in Computer Engineering at the Universidade da Coruña, different itineraries or mentions are offered, which in addition to the general and transversal competences, deepen in the competences of each speciality. The Final Degree Project (FDP) of this degree deals with complex real-world problems that often require skills from different specialisations. With the aim of ensuring that the students acquire specific knowledge from other specialisations as a complement for the preparation of their FDP, this work proposes a teaching innovation strategy based on multi-speciality cooperative learning with FDP students from the mentions in Software Engineering and Computing. In order to evaluate the impact of this teaching innovation strategy, the students involved have answered an anonymous questionnaire, showing in general a high degree of satisfaction regarding the level of learning, the development of competences as well as the overall appreciation of the proposal.

KEY WORDS: Active methodologies, Cooperative learning, Competency-based learning, Computer vision, Teaching innovation

1. INTRODUCCIÓN

Con la implantación del Espacio Europeo de Educación Superior (EEES), la comunidad universitaria se enfrenta a la necesidad de incorporar nuevos paradigmas metodológicos tanto para el aprendizaje, desde el punto de vista de los estudiantes, como para la enseñanza, desde la perspectiva docente (Belinchón, De Diego y Velasco, 2011). Este modelo educativo se caracteriza por el aprendizaje centrado en competencias, el trabajo autónomo del estudiante, el refuerzo de la tutorización académica, así como los sistemas de evaluación formativa-continua integrados estratégicamente con las actividades (Buscà y colaboradores, 2011, De Miguel, 2006).

En este contexto, en los últimos años se han introducido diferentes metodologías activas de enseñanza con el objetivo de que los estudiantes asuman un papel más significativo en todas las fases del proceso educativo. Este tipo de metodologías permiten desarrollar una mayor implicación y participación de los estudiantes en el proceso de aprendizaje, promoviendo la cooperación para investigar, tomar decisiones y resolver problemas fomentando la capacidad de reflexión y el pensamiento crítico, facilitando así un proceso de aprendizaje más activo y profundo (De Moura y colaboradores, 2021, Huber, 2008).

La valoración y consideración de estas metodologías activas para el desarrollo de competencias profesionales dentro del EEES ha llevado a un aumento significativo del número de experiencias que utilizan el aprendizaje cooperativo como núcleo fundamental de sus propuestas. El aprendizaje cooperativo implica el uso didáctico de pequeños grupos en los que los estudiantes trabajan de forma coordinada para maximizar su propio aprendizaje y el de los demás (Johnson, Johnson y Holubec, 1999). Para alcanzar los objetivos de construcción de conocimientos, adquisición de competencias y habilidades sociales, hay una serie de componentes que deben estructurarse cuidadosamente en los diferentes niveles cooperativos, incluyendo tanto los grupos de aprendizaje como el equipo docente. La Figura 1 muestra los componentes esenciales del aprendizaje cooperativo.



Figura 1. Componentes esenciales del aprendizaje cooperativo.

En el aprendizaje cooperativo, los objetivos de los participantes deben estar estrechamente vinculados, de modo que la interdependencia positiva propicie el apoyo mutuo, permitiendo alcanzar las metas de aprendizaje si y sólo si los demás miembros del grupo también las logran (Johnson, Johnson y Smith, 1991). Para conseguir estos objetivos es necesario un compromiso de grupo, donde cada integrante deberá asumir la responsabilidad individual para alcanzar sus objetivos propios, así como promover el éxito de los demás, compartiendo, ayudando, respaldando y animando a sus compañeras y compañeros de grupo mediante la interacción promotora, de manera que los resultados se consigan gracias al esfuerzo y las aportaciones conjuntas. Durante este proceso, los estudiantes deberán emplear las competencias interpersonales y de trabajo en grupo para la organización, comunicación, toma de decisiones y resolución de conflictos. Además, mediante el procesamiento grupal, se reflexionará conjuntamente sobre la consecución de objetivos y eficacia de las relaciones de trabajo, realizando un análisis respetuoso y crítico para identificar aquellos aspectos que

necesitan ser mejorados. Así, el aprendizaje cooperativo contribuye al desarrollo de destrezas sociales interpersonales y grupales, permitiendo adquirir un conocimiento más profundo de los conceptos y mejorar la capacidad de resolución de problemas. Por otro lado, esta técnica presenta un elevado potencial para la transferencia de conocimientos entre distintas materias o especialidades, posibilitando el establecimiento de vínculos entre contenidos que permiten afrontar problemas complejos de la realidad, ganando en comprensión y funcionalidad (Pérez Soto y colaboradores, 2009).

En particular, en la Universidade da Coruña, el título de Graduado/a en Ingeniería Informática propone la integración de diferentes especialidades, asegurando la cobertura de todas las competencias que se pueden adquirir actualmente en el ámbito de la ingeniería informática, de modo que en el tercer curso, el estudiante puede elegir entre los itinerarios en Computación, Ingeniería de Computadores, Ingeniería del Software, Sistemas de Información y Tecnologías de la Información³. Estos itinerarios, aunque comparten un conjunto de competencias generales y transversales, incluyen una carga lectiva significativa dedicada al aprendizaje de las competencias propias de cada especialidad. Asimismo, el plan de estudios de esta titulación incluye un Trabajo Fin de Grado (TFG) que ha de realizarse en el contexto de la especialidad seleccionada por cada estudiante. No obstante, buena parte de los TFGs proponen soluciones a problemas reales que suelen requerir competencias asociadas a varias especialidades. Del mismo modo, las distintas especialidades se interrelacionan y se complementan para abordar problemas complejos del mundo real.

En este contexto nace esta propuesta, cuyo objetivo principal es diseñar e implementar una estrategia de innovación docente basada en metodologías de aprendizaje cooperativo multiespecialidad para el desarrollo de competencias en el ámbito de la visión artificial con estudiantes de TFG.

³ BOE. Resolución de 5 de octubre de 2011, de la Universidade da Coruña, por la que se publica el plan de estudios de Graduado/a en Ingeniería Informática.

2. DESCRIPCIÓN DE LA EXPERIENCIA

Esta propuesta aborda la materia Trabajo Fin de Grado del título de Graduado/a en Ingeniería Informática de la Universidade da Coruña. En particular, se ha considerado la mención en Ingeniería de Software y la mención en Computación ya que ambas especialidades están fuertemente interrelacionadas entre sí, de modo que la mención en Ingeniería del Software se centra en competencias asociadas a la concepción, definición, especificación, diseño, implementación, operación y mantenimiento del software, mientras que la mención en Computación se centra en el ámbito de las ciencias de la computación e inteligencia artificial, haciendo un especial énfasis en los fundamentos y aplicaciones de los sistemas inteligentes. Así, el aprendizaje cooperativo multiespecialidad permite la transferencia de conocimientos entre ambas menciones, de forma que se complementan al abordar problemas realistas de gran complejidad. En base a esto, se ha diseñado e implementado una actividad de innovación docente compuesta de 4 fases representadas en la Figura 2.




Figura 2. Esquema general de las fases de la actividad de innovación docente basada en metodologías de aprendizaje cooperativo multiespecialidad con estudiantes de TFG de las menciones en Ingeniería del Software (I.S.) y en Computación (C) del título de Graduado/a en Ingeniería Informática.

La actividad propuesta ha contado con la participación de 3 estudiantes de la mención en Ingeniería de Software, 3 estudiantes de la mención en Computación y 4 docentes, directores de los TFGs de los estudiantes involucrados. La actividad se ha realizado de forma online a través de la herramienta Microsoft Teams mediante una reunión previamente programada en función de la disponibilidad horaria de todos los participantes. A continuación se detallan las 4 fases de la actividad:

- **Fase 1 - Presentación (60 minutos):** En esta fase, cada estudiante realiza una presentación individual durante un máximo de 10 minutos, exponiendo los objetivos principales de su TFG y mostrando ejemplos reales del uso de técnicas avanzadas de visión artificial para el análisis automático de imagen y/o vídeo.
- **Fase 2 - Resolución individual de la actividad (20 minutos):** Durante esta fase, cada estudiante realiza una pregunta a un compañero/a del otro grupo, de modo que al finalizar, todos los estudiantes habrán formulado y respondido a una pregunta.
- **Fase 3 - Resolución grupal de la actividad (20 minutos):** En esta fase, los estudiantes de cada grupo se reúnen para comentar los contenidos expuestos por los compañeros/as de la otra mención y elaborar una pregunta. Tras finalizar estas reuniones, cada grupo formula su pregunta y responde a la pregunta del otro grupo.
- **Fase 4 - Discusión general (20 minutos):** En la cuarta y última fase de la actividad se realiza una discusión general involucrando tanto a los grupos de estudiantes de las dos menciones como al grupo de docentes. Durante esta fase se analizan las principales aportaciones y aspectos constructivos de la actividad y se reflexiona sobre los puntos débiles y posibles mejoras.

Por último, para evaluar el impacto de esta estrategia de innovación docente, se ha aplicado un cuestionario de evaluación de la actividad a todos los estudiantes involucrados. El cuestionario, de carácter anónimo, está compuesto por 10 preguntas con 5 opciones de respuesta, donde 1 representa que el estudiante está totalmente en desacuerdo con la propuesta y 5 indica total acuerdo, como se puede ver en la Tabla 1.

Tabla 1. Cuestionario anónimo para evaluar el grado de satisfacción del alumnado con la actividad y medir el impacto del uso de la estrategia de innovación docente propuesta en el contexto del TFG de las menciones en Ingeniería del Software y en Computación.

Ítems	Opciones de respuesta				
	1	2	3	4	5
Q1- Considero que esta actividad fomenta mi interés por las técnicas de visión artificial y sus aplicaciones.					
Q2 - Considero que esta actividad fomenta la participación e implicación de los alumnos/as en el proceso de aprendizaje.					
Q3 - Considero que esta actividad fomenta el uso de mis capacidades comunicativas y trabajo en grupo.					
Q4 - Considero que el trabajo cooperativo con otros compañeros/as fomenta mi capacidad de reflexión y espíritu crítico.					
Q5 - Considero que la interacción con los compañeros/as y trabajo en grupo incrementa el nivel de aprendizaje.					
Q6 - Esta actividad me ha permitido adquirir conocimientos y relacionar conceptos entre diferentes especialidades.					
Q7 - Esta actividad me ha ayudado a lograr un aprendizaje más profundo.					
Q8 - Esta actividad me ha resultado útil para la preparación de la defensa de mi TFG.					
Q9 - En esta actividad he aprendido cosas que considero valiosas para mi formación.					
Q10 - Globalmente, mi grado de satisfacción tras haber participado en esta actividad es alto.					

3. RESULTADOS

En este trabajo hemos desarrollado una actividad basada en el aprendizaje cooperativo para la transferencia de conocimiento entre estudiantes de TFG de las menciones en Ingeniería del Software y en Computación del título de Graduado/a en Ingeniería Informática. Para evaluar esta estrategia, los 6 estudiantes que participaron en la actividad han respondido de forma anónima a una encuesta de satisfacción que incluye preguntas relacionadas con el grado de aprendizaje, desarrollo de competencias, así como preguntas para medir el grado de satisfacción global. La Figura 3 muestra gráficamente los resultados obtenidos para cada una de las preguntas. Como se puede apreciar, el grado de satisfacción del alumnado ha sido muy positivo. En particular, se observa que para la mayoría de las cuestiones, los participantes han seleccionado la opción 4 o la opción 5, lo que indica un alto grado de acuerdo con la propuesta de innovación docente presentada y con los resultados pedagógicos obtenidos.




Figura 3. Resultados del cuestionario para la evaluación del grado de satisfacción del alumnado participante en la actividad de aprendizaje cooperativo multiespecialidad.

4. CONCLUSIONES

Este trabajo presenta una estrategia de innovación docente basada en el aprendizaje cooperativo multiespecialidad para el desarrollo de competencias en visión artificial con estudiantes de TFG. Dado el alto grado de interrelación existente entre las menciones en Ingeniería del Software y en Computación, se ha diseñado una actividad involucrando a estudiantes de ambas menciones con el propósito de transferir conocimiento entre especialidades que se complementen para abordar problemas complejos del mundo real. Esta actividad ha fomentado el desarrollo de habilidades sociales interpersonales y grupales como la comunicación oral, el trabajo en equipo y la resolución de conflictos, así como el desarrollo de competencias específicas en el ámbito de la visión artificial, estableciendo vínculos entre los contenidos de ambas especialidades, permitiendo así que los estudiantes adquieran un conocimiento más profundo de los conceptos, ganando en comprensión, funcionalidad y capacidad de resolución de problemas.

A partir de los resultados obtenidos, podemos concluir que la metodología de innovación docente propuesta incide positivamente en el proceso de elaboración del TFG, fomentando la implicación y participación activa de los estudiantes en el proceso de aprendizaje. Además, hemos podido comprobar que se trata de una metodología eficiente, ya que la actividad propuesta y la recogida de evidencias, en general, no suponen una sobrecarga de trabajo para los docentes y estudiantes implicados. Otro aspecto relevante es que la estrategia diseñada puede considerarse sostenible, ya que la innovación propuesta implicaría poco esfuerzo futuro en términos de planificación y recursos empleados. Y por último, esta innovación educativa es claramente transferible, tal y como se propone, ya que se puede aplicar directamente a la asignatura de TFG de otras menciones u otras titulaciones de grado donde hay una interrelación clara y directa de forma sencilla y con muy poco esfuerzo. Además, esta metodología podría ser extendida también a fases más avanzadas del proceso de formación, concretamente a la materia de Trabajo Fin de Máster (TFM) de titulaciones de máster,

considerando perfiles de estudiantes procedentes de diferentes ramas de conocimiento para un nuevo enfoque de aprendizaje cooperativo multidisciplinar.

5. REFERENCIAS

- Belinchón Romo, M.R., De Diego Álvarez, D, & Velasco González, M. (2011). Nuevas metodologías docentes aplicadas en el aula. El aprendizaje cooperativo y el aprendizaje colaborativo: el trabajo en grupo. *A 'Univest 11'. Girona: Universitat.*
- Buscà, F., Cladellas, L., Calvo, J., Martín, M., Padrós, M., & Capllonch, M. (2011). Evaluación formativa y participativa en docencia universitaria: un estudio sobre los artículos publicados en revistas españolas entre 1999 y 2009. *Aula Abierta*, 39 (2), pp. 137-148.
- De Miguel, M. (2006). Metodologías de enseñanza y aprendizaje para el desarrollo de competencias. Madrid: Alianza editorial.
- De Moura, J.J., Ramos, L., Novo, J., & Ortega, M. (2021). Estrategias para mejorar la participación de los estudiantes en la docencia síncrona en asignaturas del Máster Interuniversitario en Visión por Computador. *Contextos universitarios transformadores: a nova normalidade académica. Leccións aprendidas e retos de futuro, V Xornadas de Innovación Docente. Cufie. Universidade da Coruña. A Coruña* pp 143-153.
- Huber, G.L. (2008). Aprendizaje activo y metodologías educativas. *Revista de educación*, (nº extraordinario 1), pp. 59-84.
- Johnson, D.W., Johnson, R.T. & Holubec, E.J. (1999). El aprendizaje cooperativo en el aula. Buenos Aires: Editorial Paidós SAICF.
- Johnson, D.W., Johnson, R.T., & Smith, K.A. (1991). Cooperative learning: Increasing College Faculty Instructional Productivity. ASHE-ERIC Higher Education Report N° 4.

Pérez Soto, D., Rodríguez Borrel, C. M., Padrón Fernández, L., Padrón González, J. & Velázquez Carrabeo, M.V. (2009). La Interdisciplinariedad en el proceso de enseñanza aprendizaje. *Odiseo, revista electrónica de pedagogía*.

ANÁLISE DE ARTEFACTOS CULTURAIS MEDIANTE APRENDIZAXE COLABORATIVA NO GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL

Rego-Agraso, Laura¹; Ríos-de-Deus, María-Paula²; Mosquera-González, María José³; Rodicio-García, María-Luisa⁴

¹Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Educación,
<https://orcid.org/0000-0002-1660-4939>

²Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Educación,
<https://orcid.org/0000-0002-7919-2185>

³Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias do Deporte,
<https://orcid.org/0000-0002-7667-1033>

⁴Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Educación,
<https://orcid.org/0000-0002-3944-1044>

RESUMO

No contexto da asignatura do Grao en Educación Social denominada *Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa*, preséntase o deseño didáctico correspondente á experiencia de análise do videoclip mainstream, sendo este un dos contidos ubicados no marco dos usos das TIC e as redes dende o punto de vista social. Estes artefactos culturais elaborados e distribuídos pola industria musical contan con millóns de visualizacións nas diversas plataformas de streaming, particularmente entre a xente nova, estando así en disposición de influír na xeración de identidades e imaxinarios sociais. O deseño metodolóxico que aquí se presenta divide o traballo do alumnado en varias fases consecutivas empregando a aprendizaxe colaborativa como eixo central. Esta experiencia foi levada a cabo no contexto da asignatura, ofrecendo unha resposta innovadora ao tratamento deste contido na aula, favorecendo a interdependencia positiva e interacción promotora entre os equipos, así como a familiarización indirecta cos preceptos da investigación cualitativa. As tarefas propostas abórdanse dende un punto de vista situado, actual e vinculado a unha realidade próxima ao alumnado, o que esperta a súa curiosidade e motivación. O traballo inclúe tamén presentacións orais, o manexo de recursos tecnolóxicos e o desenvolvemento de competencias de traballo en equipo.

PALABRAS CLAVE: aprendizaxe colaborativa; docencia universitaria; innovación educativa; artefactos culturais; videoclip

CITA RECOMENDADA:

Rodríguez Rodríguez, Carmen; Santiago Gómez, Elvira (2022): Imaginando reglas: una reflexión sobre los métodos de control de la menstruación. En García Naya, J.A. (ed.) (2022). Contextos universitarios transformadores: a innovación como eixo vertebrador da docencia. VI Xornadas de Innovación Docente. Cufie. Universidade da Coruña. A Coruña (pág. 303-314).

DOI capítulo: <https://doi.org/10.17979/spudc.000016.303>

DOI libro: <https://doi.org/10.17979/spudc.000016>

ABSTRACT

The project *Imaginando Reglas* is part of the Laboratorio Ciudadano *Rompiendo Reglas LAB Menstruación digna y Ecosaludable* promoted by the Gender Equality Group of the Faculty of Education Sciences of the University of A Coruña. The project aims to implement a participatory and collaborative research methodology on menstruation. The objective is to rethink and reconceptualise menstruation, questioning our normalised concept of menstruation, based on a critical view of the methods used to control it. The methodology used consisted in a participatory and collaborative dynamic put into practice in two sessions. Based on the concept of "sociological imagination" (C. Wright Mills), we applied critical thinking by becoming aware of the relationship of the individual with society, with the present and with the past. Based on a serie of questions, the methods used to control menstruation were described, followed by a local, global and historical analysis of the results, which were then shared with the group.

KEY WORDS: Menstrual literacy, critical thinking, menstrual control, sociological imagination, inequality

1. INTRODUCCIÓN

La experiencia *Imaginando Reglas* forma parte del Laboratorio Ciudadano *Rompiendo Reglas LAB Menstruación Digna y Ecosaludable*. A su vez, *Rompendo Reglas*, es un proyecto impulsado por el Grupo de Igualdade de Xénero da Facultade de Ciencias da Educación (UDC) y centrado en visibilizar y reflexionar sobre la menstruación de una forma activa y con un marcado carácter pedagógico a través de una alfabetización menstrual crítica. Así, en *Rompendo Regras*:

Desde la perspectiva de la alfabetización menstrual crítica, busca visibilizar la menstruación cuestionando su construcción sociocultural y económica y señalando su impacto en la salud y la sostenibilidad. (...) Por alfabetización menstrual crítica nos referimos al conjunto de conocimientos, destrezas y actitudes que hacen a las personas dueñas de sus cuerpos en el ejercicio de una menstruación justa, saludable y sostenible.” (Rodríguez, 2021:264).

Son objetivos básicos de este proyecto el repensar la menstruación, cuestionarla e intentar que sea vivida de una forma libre y sana, eliminando las inequidades que genera. De ese espíritu participa *Imaginando reglas*.

En concreto, la puesta en marcha de *Imaginando reglas* parte de la necesidad, observada y sentida, de detenerse a pensar sobre un tema del que no se habla y que, en ocasiones, puede llegar a considerarse tabú, la menstruación.

El silenciamiento al que es sometida la menstruación, se ve claramente en el secuestro del discurso sobre ella y en la desaparición visual de los elementos que nos recuerden a ella. Este fue el caso de la fotografía de la Imagen 1. Es un retrato que forma parte de *Period*, un proyecto de la poeta feminista Rupi Kaur que busca desestigmatizar la regla y que fue censurado por Instagram cuando fue colgado por la artista. Si algo tan natural y cotidiano como la escena que aparece en ella es restringido de la red, parece necesario, e incluso obligatorio, preguntarse el porqué.



Imagen 1. Foto colgada por la poeta Rupi Kaur y censurada por Instagram

Fuente: <https://smoda.elpais.com/placeres/esta-artista-te-ensena-la-menstruacion-como-nunca-antes-la-habias-visto/>

A poco que nos esforcemos, podemos rastrear, en la sociedad y en nosotras mismas, la “consideración social de la menstruación como algo abyecto, desagradable, sucio y tabú, fundamental en la construcción social del género.” (Gómez, 2020:156). Esto es algo que tiene hondas implicaciones en lo que significa ser mujer y en la imagen que de ésta se proyecta en la sociedad. Y, sobre todo, en la desigualdad estructural de género. Siendo consciente de estas ramificaciones, C. Bobel considera la menstruación como un ejemplo perfecto para analizar las complejas e interconectadas desigualdades (biológicas, sociales, económicas, culturales o históricas, entre otras) que operan sobre las mujeres (Bobel, 2020). Hablamos, en definitiva, de los cuerpos, en este caso femeninos, atravesados y conformados por las estructuras de poder que protagonizan los escritos de J. Butler (2002; 2008) y Foucault (2008) y que se representan en la obra de Bárbara Krueger *Tu cuerpo es un campo de batalla* (Imagen 2).



Imagen 2: Obra de Bárbara Krueger *Tu cuerpo es un campo de batalla* (1989).
Fuente: <https://www.thelightingmind.com/tu-cuerpo-es-un-campo-de-batalla/>

En este contexto, participando de la vertiente reivindicativa, autorreflexiva y educativo-pedagógica de su proyecto matriz, *Imaginando reglas* intenta llamar la atención y, al mismo tiempo, poner en cuestión la manera que tienen las personas de pensar y entender la menstruación y de reflexionar sobre qué se entiende por método de control de ésta. Estos objetivos específicos se enmarcan en el objetivo más general de colaborar en el proceso de desestigmatizar el cuerpo de la mujer en general y de la menstruación en particular. La propuesta de Gómez y Marco (2020:156) de “Menstruar en alto contra el estigma de la regla” habla sobre la importancia de la verbalización para la visibilización y re apropiación del concepto, para la exorcización de la menstruación. Siguiendo esta línea, se afronta este trabajo.

Para repensar y reconceptualizar la menstruación, poniendo en cuestión nuestro normalizado concepto de la regla, partiendo de una mirada crítica sobre los métodos de control de ésta, hemos utilizado el concepto “imaginación sociológica” de C. Wright Mills. Según este autor, las personas “Lo que necesitan (...) es cierta disposición que les ayude (a ver) lo que está sucediendo en el mundo (...) y qué es lo que les está sucediendo a ellos mismos. A esta disposición (...) podemos llamarla “imaginación sociológica” (Wright Mills, 1961). Para ello propone la necesidad de una mirada crítica:

Mantened siempre abiertos los ojos a la imagen del hombre que dais por supuesta con vuestro trabajo; y lo mismo a la imagen de la historia. En una palabra, trabajad y revisad constantemente vuestras opiniones sobre los problemas de la historia, los problemas de la biografía y los problemas de estructura social en que se cortan la biografía y la historia. Mantened los ojos abiertos a las diversidades de la individualidad y a los modos como ocurren en cada época los cambios (...) (Wright Mills, 1961 pp186).

El la propuesta de *Imaginando reglas* se tratará de aplicar el pensamiento crítico tomando conciencia de la relación del individuo con la sociedad, con el presente y con el pasado.

2. DESCRIPCIÓN DE LA EXPERIENCIA

La metodología utilizada consistió en una dinámica participativa y colaborativa puesta en práctica en las aulas universitarias. A partir de la propuesta de una serie de preguntas sencillas y abiertas se intentó captar cómo el alumnado entendía y describía los métodos de control de la menstruación poniéndolos en su contexto local, global e histórico. Tras la recogida de las respuestas obtenidas, se procedió a su puesta en común y debate obteniendo conclusiones consensuadas.

La dinámica se puso en práctica en noviembre del 2021 en las clases de dos colectivos pertenecientes a una misma institución, la Universidade da Coruña. Estos dos colectivos que se distinguen por la diferencia de edad. En la primera de las aulas se trabajó con alumnado de

4º curso del Grado en Sociología de la asignatura optativa Riesgo, Cultura y Medioambiente. En la otra, con alumnado de la asignatura de Sociología de la Universidade Senior. La Universidad Sénior es el medio a través del cual la UDC se pone a disposición de todas las personas mayores de 50 años que ya no están en activo. Para acceder a ella no se requieren estudios previos, sino simplemente mantener vivo el deseo de aprender. La Universidad Sénior la UDC busca cumplir parte de sus funciones al servicio de la sociedad; en particular, la difusión del conocimiento y de la cultura a través de la extensión universitaria y la formación a lo largo de toda la vida. La experiencia ocupó dos sesiones de clase en cada grupo en las que se trabajó también con un cuestionario online.

En ambos grupos, la primera jornada en el aula se dedicó a la presentación de la actividad. El alumnado participante recibió la información sobre la actividad en clase, sobre el proyecto *Imaginando Reglas* y el Laboratorio Ciudadano *Rompiendo Reglas*, esta introducción se completó con dio una breve explicación sobre el concepto de imaginación sociológica, concepto que ya se había trabajado con anterioridad.

Tras la sesión inicial se les envió un correo electrónico detallando de nuevo la información sobre el proyecto y los enlaces para ampliar información y participar en la actividad.

A continuación, se envió al alumnado un cuestionario distribuido online a través de la aplicación FORMS para ser respondido de forma individual. Las preguntas de este breve cuestionario, además de las sociodemográficas y sobre el consentimiento informado, trataron de forma directa la cuestión de la menstruación y los métodos de control de ésta y se plantearon de una forma muy abierta de forma consciente para dar libertad a los encuestados. Se intentaba dar espacio para que los participantes concretasen cómo concebían el control inherente de la menstruación (de una función corporal, del cuerpo, al fin y al cabo) a partir de algo tan físico y evidente como los métodos de control de ésta. Siendo lo menos intrusivo posible, el cuestionario buscaba las reflexiones y resistencias sobre la idea de control que pudiese transmitir el alumnado.

En una última sesión en clase se pusieron en común y se debatieron en grupo los contenidos y respuestas dadas a cada una de las preguntas del cuestionario, identificando los distintos significados dados a las preguntas y los diferentes enfoques desde los que se piensa el control de la menstruación.

Tabla 1. Relación de preguntas del cuestionario.

Número pregunta	Redacción de la pregunta
1	Autorización de/la autor/a de los contenidos para su publicación.
2	¿Qué son para usted los métodos de control de la regla?
3	¿Qué tipos de métodos de control de la regla conoce?
4	De los métodos señalados en la pregunta anterior, podría describir -los haya utilizado o no- ¿cuál ha sido su experiencia con ellos? (cuándo tuvo conocimiento de su existencia, su opinión hacia ellos ha variado a lo largo del tiempo, anécdotas, etc.)
5	¿Qué cambiaría de los métodos de control de la regla?
6	Sexo
7	Edad

Elaboración Propia

3. RESULTADOS

El inicial análisis de los resultados nos lleva a considerarlos en dos vertientes: los resultados sobre el proceso de participación y el análisis sobre las respuestas del cuestionario.

Si atendemos a la participación, llama la atención la muy baja participación del alumnado senior. A pesar de que durante la sesión de explicación de la actividad parecía que les resultaba interesante, finalmente solo 3 (de más de 80 alumnos y alumnas) respondieron a las preguntas formuladas. La baja participación en este grupo de alumnado podría deberse a la temática del proyecto o al soporte digital empleado para dar respuesta a las preguntas. Entre el alumnado del Grado en Sociología respondieron 27 estudiantes de los/as 50 matriculados/as en la asignatura. Sería interesante, en experiencias posteriores, ver cuál es la influencia de la variable edad y del tipo de soporte utilizado para la recogida de las respuestas, no solo en el

contenido de las mismas, sino en el que haya o no haya una elevada participación en el cuestionario.

Si nos centramos en el análisis de las respuestas a las preguntas, la pregunta “¿qué son para usted los métodos de control de la regla?” deja espacio para la definición del concepto. Las respuestas son variadas y se refieren no solo a las formas para evitar manchados sino que se entremezclan con los mecanismos para regular el ciclo menstrual.

“Unos mecanismos mediante los cuales se toman pautas sobre cuando te va a bajar la regla entre otras muchas posibilidades” (Respuesta participante 5).

“Para mí, los métodos de control de la regla se podrían describir como los productos que se usan para contenerla, es decir, los tampones, compresas, y copas menstruales, por un lado, y por otro, los métodos anticonceptivos y hormonales que se usan para regular la menstruación y sus síntomas.” (Respuesta participante 9).

“En mi opinión, los métodos de control de la regla son los diferentes dispositivos o técnicas que se utilizan para regular la menstruación. Estos sistemas van desde utensilios físicos como pueden ser la copa menstrual o los tampones hasta métodos hormonales. Estos métodos tienen varios objetivos, dependiendo del dispositivo utilizado. Algunos de estos métodos son: estabilizar la temporalidad de la menstruación, evitar las manchas que produce el sangrado o reducir el dolor del proceso” (Respuesta participante 13).

La pregunta “¿qué tipos de métodos de control de la regla conoce?” indaga no solo sobre el conocimiento de los métodos de control como instrumentos específicos, sino sobre la existencia de una coherencia entre esta respuesta y la de la pregunta anterior. En el análisis de los resultados, las compresas y los tampones aparecen como los métodos de control más reconocidos, señalados por un 48% de las personas participantes. Las copas menstruales se mencionan en un 36% de las respuestas y las bragas menstruales aparecen en un 16% de las respuestas. Llama la atención que para un 10% de las personas participantes la píldora anticonceptiva sería un método de control de la regla, también el anillo (13%) o el DIU (26%). Estas respuestas nos muestran que existen dos aproximaciones hacia los métodos de control

de la regla, aquellas que se refieren a los mecanismos de recogida del sangrado y aquellos que se refieren al control del ciclo menstrual con fines anticonceptivos.

En la pregunta “De los métodos señalados en la pregunta anterior, podría describir -los haya utilizado o no- ¿cuál ha sido su experiencia con ellos? [cuándo tuvo conocimiento de su existencia, su opinión hacia ellos ha variado a lo largo del tiempo, anécdotas, etc.]”, apela a la experiencia personal, a la vivencia de los métodos de control de la menstruación en primera persona. La separación entre mecanismos de recogida del sangrado y métodos de planificación familiar se observa claramente en la respuesta dada por la persona participante número 11.

“Del primer tipo use tampones, compresas y copa menstrual, siendo la última la mejor opción ya que me parece el método más duradero, barato, sostenibles y que es mejor para el cuerpo. De los hormonales únicamente usé la píldora anticonceptiva, en concreto dos diferentes; la primera hizo que estuviese unos cuatro meses con sangrado constante y la segunda la dejé porque tenía muchos cambios de humor, estado de ánimo más bajo, dolores musculares y de cabeza.” (Respuesta participante 11).

Por último, la pregunta final sobre “¿qué cambiarías de los métodos de control de la regla?”, plantea la posibilidad de cambio, de acción, de reacción. Invita al participante a tener una mirada prospectiva y a que se plantee si otra menstruación es posible. Entre las respuestas de nuevo se observa la doble aproximación, hacia los mecanismos de recogida del sangrado y hacia los mecanismos de prevención del embarazo y control del ciclo. Entre las propuestas orientadas hacia los primeros se destacan acciones para limitar el precio, mejorar la información sobre las distintas posibilidades y priorizar la comodidad de la persona que menstrua en el diseño. En el imaginario sobre el futuro de los mecanismos de prevención del embarazo y control del ciclo se propone la eliminación de los efectos secundarios para la mujer.

“Darse a conocer en mayor medida y abaratare sus costes debido a ser un tema de salud.”
(Respuesta participante 12).

“Lo que siento es que por lo general se diseñan para que no se note que una persona tenga la regla, en vez de buscar la comodidad se busca que “no se note”, o que todo el mundo tenga unos ciclos menstruales iguales, creo que se tiene poco en cuenta a las personas con menstruación y demasiado en consideración a los individuos alrededor de esa persona.”
(Respuesta participante 9).

“Buscaría una forma, que no sea hormonal ni de medicación constante que pueda servir para regularla, en los casos en los que se quiera, o eliminarla de forma temporal hasta que la persona decida tener hijos. Es bastante fantasioso y futurista pero sería una buena forma”
(Respuesta participante 21).

4. CONCLUSIONES

Entre las reflexiones realizadas por los participantes, llama la atención que el alumnado de grado señale como un método de control de la regla la píldora anticonceptiva, se reclame que se considere la menstruación como algo continuado y se deje de focalizar la atención en los días que hay sangrado y la atención prestada a la sostenibilidad.

Otro elemento interesante de la experiencia y que merecería una mayor profundidad en su análisis es que, al observar los resultados del cuestionario, se aprecian diferencias en las respuestas dadas entre mujeres y hombres.

La significativa escasez de la participación del alumnado senior en el cuestionario, a pesar del interés mostrado en clase, sirve para plantear una pregunta que orientará las futuras acciones del proyecto: ¿es la temática del cuestionario o el instrumento digital (el cuestionario online a través de FORMS) el que disuade de la participación al alumnado de mayor edad?

Para responderla, planteamos nuevas propuestas para poner próximamente en práctica: usar una técnica distinta con el grupo de mayor edad y replicar la actividad sobre otros grupos de edades similares.

5. REFERENCIAS

Bobel, Chris. (2020). Menstruation as Lens—Menstruation as Opportunity, en Chris Bobel, Inga T. Winkler, Breanne Fahs, Katie Ann Hasson, Elizabeth Arveda Kissling e Tomi-Ann Roberts, *The Palgrave Handbook of Critical Menstruation Studies*. Palgrave Macmillan

Butler, J. (2002). *Cuerpos que importan*. Buenos Aires: Paidós.

Butler, J. (2007). *El género en disputa*. Barcelona: Paidós.

Foucault, M. (2008). *La voluntad del saber. Historia de la sexualidad* Vol. 1. México: Siglo XXI.

Gómez Nicolau, Emma., & Marco Arocas, Elisabet. (2020). Desafiando las reglas: articulaciones políticas del activismo menstrual. *Revista Española De Sociología*, 29(3 - Sup1), 155-170. <https://doi.org/10.22325/fes/res.2020.62>

Mar Rodríguez Romero, Alicia Martínez Rodríguez, M^a José Mosquera González, Neves Arza Arza, Rodríguez Rodríguez, Carmen (2021) ““Rompendo regras”: proyecto curricular e interdisciplinar para una alfabetización menstrual crítica”, en L. Álvaro Andaluz y C. Hamodi Galán (coord.), *Género y educación: escuela, educación no formal, familia y medios de comunicación*, Dykinson, Madrid, pp. 264-261. ISBN: 978-84-1377-638-5.

Wright Mills, C. (1961) *La imaginación sociológica*. Mexico:FCE

<https://smoda.elpais.com/placeres/esta-artista-te-ensena-la-menstruacion-como-nunca-antes-la-habias-visto/>

<https://www.thelightingmind.com/tu-cuerpo-es-un-campo-de-batalla/>

ROMPENDO REGRAS LAB PROXECTO TRANSVERSAL POR UNHA MENSTRUACIÓN DIGNA E ECOSAUDÁBEL

Rodríguez Romero, M. Mar¹; Muriano Rodríguez, M. Montserrat.²;
Longarela Ares, M. Ángeles³; Martínez Rodríguez, Alicia⁴

¹ *Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Educación,
0000-0003-2964-0928*

² *Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Educación,
0000-0003-2583-0724*

³ *Universidade da Coruña, Facultade de Economía e Empresa,
0000-0003-0488-4950*

⁴ *Universidade da Coruña, Facultade de Fisioterapia,
0000-0002-8309-0253*

RESUMO

Rompendo Regras LAB (2021-22) é unha iniciativa transversal xurdida da interacción entre profesorado, estudantes e persoal técnico de varias Facultades e Servizos, incluíndo institucións locais e organizacións sociais. Vincúlase aos “Laboratorios bibliotecarios” (“MediaLabMatadero”). Actúa como un espazo intelectual, físico e dixital para ensaiar formas novidosas de abordar a menstruación digna e ecosaudable partindo da convivencia entre saberes, organizacións e persoas heteroxéneas e documentar os procesos. Desenvolvéronse nove proxectos con profesoras, alumnas e técnicas como promotoras e colaboradoras, así como con persoas alleas a UDC. Acolle accións de intensidade e alcance diverso: experimentos sociais e artísticos (eu poemas, performance Útero contaminado), metodoloxías específicas (fotovoz e imaxinación sociolóxica), procedementos de recollida de información, difusión de coñecemento (seminario, obradoiros e palestras), accións ambientais (Campaña Lixo Retrete) e produción de artefactos (compresas de tela, carteis, collages, fotografías). Cunha perspectiva transdisciplinar fusiónanse o civil e o cidadán de xeito non predeterminado. Aproveítase o traballo en materias específicas e Servizos concretos para diversificar as experiencias formativas enlazando con iniciativas externas. Así, técese fíos entre o académico e o social, entre o civil e o cidadá ampliando e diversificando unha comunidade de práctica ao redor da menstruación e explóranse maneiras alternativas de exercer a cidadanía na Universidade.

PALABRAS CLAVE: alfabetización menstrual crítica; participación cidadá; laboratorios cidadás; xusticia reprodutiva

CITA RECOMENDADA:

Rodríguez Romero, M. Mar; Muriano Rodríguez, M. Montserrat.; Longarela Ares, M. Ángeles; Martínez Rodríguez, Alicia (2022): Rompendo Regras Lab. Proxecto transversal por unha menstruación digna e ecosaudábel. En García Naya, J.A. (ed.) (2022). Contextos universitarios transformadores: a innovación como eixo vertebrador da docencia. VI Xornadas de Innovación Docente. Cufie. Universidade da Coruña. A Coruña (pág. 315-331).

DOI capítulo: <https://doi.org/10.17979/spudc.000016.315>

DOI libro: <https://doi.org/10.17979/spudc.000016>

ABSTRACT

Rompendo Regras LAB (2021-22) is a transversal initiative produced by the interaction between professors, students and technicians of several University Faculties and Services including, also, local institutions and social organizations. It is related to “Laboratorios bibliotecarios” (“MediaLabMatadero”). It acts as an intellectual, physical, and digital space focused on exploring new ways of defining dignified and eco-healthy menstruation. It is based upon the confluence of heterogeneous knowledge, organizations and people and the documentation of the processes generated. Nine projects were developed with professors, students and technicians as promoters and collaborators, as well with people outside the University. Actions evolve with a variety of intensity and scope: socio-artistic experiment (I poems, social cartography, performance), specific methodologies (photo-voice and sociological imagination), gather information procedures, knowledge diffusion (seminars, workshop, conferences), environmental actions (Lixo Retrete Campaign) and artifact production (cloth napkins, posters, collages, photographs, games). Applying a transdisciplinary perspective, the projects intertwine institutions and citizenship in non-predetermined ways. Drawing upon the work in specific subject and services the projects diversify formative experiences linking them to external initiatives. In this way, we amplify and diversify a community of practice around menstruation. In addition, we explore alternative paths to performance citizenship in university.

KEY WORDS: Menstrual Critical Literacy; Citizen Participation; Citizen Laboratories; Reproductive Justice

1. INTRODUCCIÓN

O corpo da muller segue a ser o gran esquecido na formación universitaria e na investigación. Son as visións normativizadas, e medicalizadas dos corpos das mulleres as que estamos acostumadas a manexar. Así mesmo, a ausencia da menstruación é tan notoria que chega a falarse da non investigación da menstruación. Para opoñerse o silenzamento persistente da menstruación na Universidade e na sociedade xurdiu “Rompendo Regras” (Rodríguez Romero et al., 2021a), como unha iniciativa transversal e transdisciplinar que tenta visibilizar a menstruación e cuestionar a súa construción sociocultural e epistemolóxica. Conceptualmente, baséase nos estudos críticos da menstruación e especificamente na Alfabetización Menstrual Crítica (Bobel, 2020). Unha potente liña de pensamento e acción que nos permite desenmascarar as múltiples opresións que sufrimos as mulleres polo simple feito de menstruar ou, viceversa, como na menstruación se cruzan variedade de inxustizas que son expresións específicas da violencia misóxina xeral (Reimóndez, 2021) e que ten unha repercusión directa na vida das mulleres, na sociedade e no medio ambiente. Así pois:

- A nivel medioambiental xéranse toneladas de residuos cun 90% de plástico que contaminan os océanos (Women’s Environmental Network, 2021) e tardan 800 anos en biodegradarse (Lapidos, 2007) .
- A nivel económico, esta repercusión medioambiental implica un elevado custe de xestión (Rezero, 2019). Ademais, os produtos de hixiene feminina están penalizados cun sobreprezo coñecido como taxa rosa (Manzano et al., 2018) e un IVE elevado coñecido como “taxa tampón” que deriva en pobreza menstrual (ADICAE, 2018).
- En relación coa saúde, o 73,8% de universitarias sofren de dor (Abreu-Sánchez et al., 2020) que, xunto con outra sintomatoloxía e os problemas derivados da hixiene menstrual, merman a calidade de vida das universitarias e ocasionan absentismo escolar (Armour et al., 2019).
- Por último, en canto á educación e sociedade, quedan patentes lagoas de coñecemento sobre o tema e as súas repercusións son considerables en todos os países (Holmes et al., 2021).

Precísanse, polo tanto, accións políticas para alternativas sostibles, económicas, sen taxas discriminatorias e con etiquetaxe clara. Igualmente, temos que potenciar a concienciación e a educación da sociedade nestes aspectos que están directamente relacionados cos dereitos reprodutivos das mulleres (Bobel, 2019) aplicando a Alfabetización Menstrual Crítica. Esta pode definirse como o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que fan que as mulleres e outras persoas que menstrúan sexan donas dos seus corpos cara ao exercicio dunha menstruación xusta, saudable e sostible. Deste xeito, isto implica considerar catro facetas:

1. Visibilizando e construíndo coñecemento colectivo, para acabar co silencio e cuestionar o estigma, creando discursos sobre a menstruación nos lugares que habitamos: a aula, a facultade, a Universidade etc.
2. Decidindo sobre o noso modo de vivir a menstruación, considerando cuestións económicas, de saúde, autocoidado e medio ambiente
3. Promovendo alianzas sinérxicas entre múltiples sectores e axentes, máis aló da Universidade e entre mulleres, nenas e rapazas diversas.
4. Vinculando a menstruación cos dereitos humanos e reclamando dereitos específicos (Johnson, 2019) e normativas internacionais, nacionais e locais e a súa aplicación local.

Rompendo Regras comezou no curso 2020/21 como un proxecto interdisciplinar, interfacultades e servizos e, fundamentalmente, curricular dentro da UDC (Rodríguez Romero et al., 2021). No curso 2021/22 adoptou o formato dun Laboratorio de Participación Cidadá. Entendemos o noso laboratorio como un espazo intelectual, físico e dixital que permite coproducir coñecemento, co-crear e experimentar formas novidosas ou aplicar o que xa sabemos noutro contexto ou nalgunha faceta nova con respecto á menstruación, considerando esta como unha cuestión de relevancia académica, social, persoal e política. Os laboratorios de participación cidadá adoptan formas organizativas abertas que buscan impulsar a innovación democrática, flexibilizando a produción de coñecemento e as interaccións sociais (García e Fernández, 2020). Polo tanto, o noso proxecto ten evolucionado

cara a interacción co actores sociais extrauniversitarios, cara á realización de accións extracurriculares, performativas e sociais e cara á ubicación en escenarios locais. Rompendo Regras LAB, tamén é un laboratorio de innovación pública, unha oportunidade para descubrir outras maneiras de actuar como cidadanía na Universidade, alén dos prefixados roles académicos. Desde esta perspectiva, os obxectivos de Rompendo Regras LAB son:

- Codeseñar e cocrear experiencias e compartir saberes para producir conxuntamente unha visión propia da alfabetización menstrual crítica en ámbitos formativos e socioeducativos diversos.
- Ampliar a comunidade de práctica creada previamente entre o profesorado, o alumnado de diversas facultades e o persoal de servizos para incluír outros axentes socioeducativos na promoción da menstruación digna e ecosaudable na educación, na investigación e na vida institucional e social.
- Documentar os procesos vividos, as prácticas desenvoltas e os artefactos producidos para facilitar a transferencia de coñecemento e a súa aplicación novidosa.

Trátase de desenvolver procesos de aprendizaxe experiencial sobre a menstruación sobrepassando barreiras institucionais, disciplinares e sociais e documentar os procesos vividos para que a interacción entre saberes, grupos e persoas diversas poida expandirse e estimular novas coproduccións e novos experimentos cidadás.

2. DESCRICIÓN DA EXPERIENCIA

Rompendo Regras LAB é unha iniciativa transversal que está coordinada polo Grupo de Traballo en Igualdade da Facultade de Ciencias da Educación da UDC, en colaboración coas Facultades de Fisioterapia, Socioloxía, Económicas e Empresariais, Ciencias da actividade Física e Deportiva e con servizos, como a Oficina de Medio Ambiente, a Oficina de Cooperación e Voluntariado e a Oficina de Igualdade de Xénero. Incluindo alumnado, bibliotecarias e persoal técnico e profesorado dun xeito colaborativo. Ten lugar na UDC e na cidade da Coruña e atópase dentro da iniciativa dos

“Laboratorios bibliotecarios” de participación cidadá, de “MediaLabMatadero” o antigo MediaLab Prado [programa da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Deporte do Concello de Madrid], entendidos estes como espazos de encontro para mellorar o día a día das comunidades <https://labsbibliotecarios.es/laboratorio/rompendo-regras-lab-menstruacion-digna-y-ecosaludable/>

A flyer for the 'Rompendo Regras Lab' project. At the top left is a circular logo with a pig and the text 'Rompendo Regras'. The main title is 'Rompendo Regras Lab' in bold black letters. Below it, in smaller text, is 'Laboratorio de participación cidadá por unha menstruación digna e ecosaludable.' The central part of the flyer is titled 'Convocatoria aberta de proxectos:' and contains three red circular callouts: 'Para quen?' (Alumnado, PDI e PAS da UDC e persoas afeitas en colaboración con alguén da UDC.), 'Qué?' (Implementar ou deseñar accións, experiencias, recoller, analizar e sistematizar información), and 'Para qué?' (Desenvolver iniciativas novedosas ou adaptar experiencias para superar as repercusións económicas, ecolóxicas, sociais, na saúde das mulleres, etc. producindo coñecemento colectivo). Below these is the text 'Achéganos a túa proposta de proxecto!' followed by a list of themes: 'Sobre calquera destas temáticas: educación menstrual e integración curricular, xustiza reproductiva e investigación, políticas institucionais, expresións artístico-literarias, saúde, cuidados, corpo, actividade física e medio ambiente, educación para a cidadanía global, acceso a produtos menstruais ecosaludables e pobreza menstrual.' The bottom section includes contact information: 'Dúbdidas? Contacta conosco! igualdad.educacioneude.es' and the Ollamosvioleta logo. It also lists the organizing body (Grupo de traballo de Igualdade de Xénero da Facultade de Ciencias da Educación), the supporting office (Oficina de Igualdade de Xénero da UDC), and the funding source (Laboratorios Ciudadanos Distribuídos, projecto en colaboración cunha Subdirección Xeral de Coordinación Bibliotecaria). Logos for OIX and the University of Córdoba are also present.

Figura 1. Convocatoria do proxecto

Está organizado dun xeito simpoiético (Dempster, 1998 en Haraway, 2019), isto é, aberto e non predeterminado configurado colectivamente sen límites espaciais ou temporais autodefinidos, con información e control distribuídos; son sistemas evolutivos que se despregan a partir da continxencia e teñen capacidade para cambios sorprendentes. Cunha estrutura en rede e tentacular que permite distintas formas de participación e implicación, articuladas de modo distribuído e con temporalizacións diversas. Procura a autonomía e a interdependencia a partir do traballo por grupos, que se organizan ao redor de intereses concretos: académicos, artísticos, medioambientais, sociais, experienciais etc. Así mesmo, acolle accións de intensidade e alcance diverso: como experimentos sociais e artísticos (eu

poemas, performance Útero contaminado), desenvolvemento de metodoloxías específicas (fotovoz e imaxinación sociolóxica), deseño de procedementos de recollida de información e análise, difusión de coñecemento (seminario, obradoiros e palestras), accións socioambientais (Campaña Lixo Retrete que incluía voluntariado para a recollida de lixo menstrual nas praias) e produción de artefactos (compresas de tela, carteis, collages, fotografías, instalacións). Ten unha perspectiva transdisciplinar e fúsiónanse o civil e o cidadán de xeito non predeterminado: Facultades e Servizos da UDC con ONG, como Solidaridade Internacional de Galicia e Juan Soñador, a Biblioteca Municipal de Durán Loriga e organizacións sociais como Proxecto Xerminando, Cromosomos X e artístico medioambientais como Retoque Retro e Mar de Fábula.

Conxúganse proxectos xa en marcha con iniciativas mobilizadas a partir do pretexto do laboratorio e do encontro entre persoas, colectivos e organizacións con diferentes perfís e inquietudes. Aproveita o traballo en materias específicas e en Servizos concretos e tamén contactos previos para amplificar, intensificar e diversificar as experiencias enlazando con iniciativas externas á UDC, de maneira que se tecen fíos entre o académico e o social e entre o civil e o cidadá afianzando e ampliando unha comunidade de práctica ao redor da menstruación digna e ecosaudable.

Esta iniciativa global e tentacular concrétase en *Proxectos* (véx. Figura 2), que abordan liñas específicas de actuación e reflexión, deseñando ou implementando accións, producindo artefactos ou documentos, suxerindo políticas, protocolos etc. Implican traballo participativo e colaborativo de axentes e persoas variadas. Requiren da produción de achegas transferibles. Algúns proxectos traballan apoiándose en obradoiros con formacións aplicadas que profundan nalgunha das súas dimensións. As persoas implicadas no LAB actúan como *Promotoras* cando son responsables dos proxectos, xestionan e dinamizan as accións e obradoiros e apoian o labor das colaboradoras. Están encargadas de recompilar a información producida a través dos formularios e concretar as achegas. As *Colaboradoras* son persoas que desenvolven propostas específicas dentro de cada proxecto e poden levar a cabo obradoiros. Teñen que documentar a súa proposta. As *Mentoras*

son persoas especialistas que asesoran puntualmente no desenvolvemento dun proxecto. As persoas que forman parte do proxecto e que traballan coparticipativamente compartindo o seu coñecemento para producir algo novo son os e as *Participantes*.




Figura 2. Proxectos desenvolvidos

O período de realización do Lab foi de setembro 2021 a marzo de 2022 (coas fases que se poden ver na imaxe) sendo en marzo a difusión externa do Lab na Asociación cultural Alexandre Bóveda e cunha performance “Útero Contaminado” no Obelisco da Coruña.



Figura 3. Cronoloxía do proxecto

A forma de traballo consistiu en:

1. Realización de dous ou mais sesións segundo a modalidade do proxecto (en liña, presencial ou semipresencial) en equipos multidisciplinares e diversos de xeito colaborativo.
2. Rexistro do proceso nun documento de seguimento xa formalizado pola organización e da descrición dos resultados nun documento tamén formalizado.
3. Comunicación do proceso e dos resultados nas redes sociais.
4. Participación no evento de peche interno para compartir os resultados de todos os proxectos e a elaboración das conclusións globais.
5. Difusión do LAB en eventos externos

3. RESULTADOS

En Rompendo Regras LAB desenvolvéronse nove proxectos cuxas promotoras foron profesoras, técnicas de servizos da Oficina de Medio Ambiente e a Oficina de Cooperación e Vountariado, da Biblioteca de Ciencias da Educación e alumnas da Universidade da Coruña. Entre as colaboradoras atópanse bibliotecarias das Facultades de Ciencias do Deporte e

Económicas ONG, estudantes de diversas titulacións e mestrados, poetas, a educadora social da Biblioteca Municipal de Durán Loriga e organizacións sociais e medioambientais. Entre as mentoras contamos con artistas plásticas, fotógrafas e escritoras.

Os espazos de accións foron físicos e dixitais: aulas das Facultades de Ciencias da Educación, Fisioterapia, Socioloxía, Ciencias do Deporte, Universidade Senior; bibliotecas das Facultades de Ciencias do Deporte, Económicas e Ciencias da Educación, o Campus de Elviña etc. Fóra da Universidade na Biblioteca Municipal Durán Loriga, na sede de Solidariedade Internacional de Galicia, nas praias ao redor de Coruña etc.

Na difusión estivemos na Asociación Cultural Alexandre Bóveda e coa performance Útero Contaminado (véx. Figura 4), ideada por unha estudante da Facultade de Ciencias da Educación, Coral de la Rosa, e executada por estudantes de Socioloxía e ela mesma, estendemos as nosas redes cheas de produtos menstruais dun só uso, recollidos coa campaña Lixo Retrete, diante do Obelisco, na cidade da Coruña.



Figura 4. Performance Útero contaminado

Na seguinte táboa poden consultarse os proxectos coas accións desenvolvidas.

Táboa 1. Proxectos coas accións desenvoltas.

Proxecto	Obxectivo	Accións
APRENDIZAXE COLABORATIVA: INTERVENCIÓN FISIOTERÁPICA NA DISMINORREA PRIMARIA	Poñer en valor a abordaxe fisioterapéutica na dor menstrual, considerando a participación da muller.	Dinámica participativa para intercambiar coñecemento. Facultade de Fisioterapia
CAPA ROSSA	Traballar sobre o ciclo menstrual, e concienciar sobre o auto-coñecemento.	Obradoiro en liña produción ciclogramas. Promoven e participan estudantes da UDC. Facultade de Enxeñería
EDUCACION MENSTRUAL FEMINISTA, SUSTENTABLE E GLOBAL	Visibilizar as realidades da menstruación noutros países e a vulneración dos dereitos das mulleres.	Programa de sensibilización coa comunidade universitaria (Pasapalabra Menstrual ao alumnado dos campus de Elviña e da Zapateira e entrevistas a persoas menstruantes no campus de Elviña). Traballo en rede e coas redes (perfil de Instagram: @educaciónmenstrual, Obradoiro menstruación e Dereitos Humanos. OCV
EU POEMAS E ARTIVISMO MESNTRUAL: EXPRESION ARTÍSTICO LITERARIA E MENSTRUACION	Resignificar a menstruación utilizando a arte e a produción literaria, a través de ferramentas creativas.	“Verbas vermellas”: Cartografía emocional da menstruación (Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil do Concello da Coruña, Clubs de lectura da biblioteca); creación de Eu poemas: poemas abertos e menstruantes (Libraría Lila de Liliñ e Facultade de Ciencias da Educación), obradoiros de fotografía (Charo Lopes). Obradoiro de colaxe arredor da endometriose (Verónica Ramilo). Exposición "Olladas á endometriose"(colectivo TeCendo: Verónica Ramilo, Neves Seara e Ainara Díaz Cots, Asociación Querendo) Facultade de Ciencias da Educación.
MENSTRUALIZANDO A FORMACIÓN E A INVESTIGACIÓN	Incorporar a menstruación no currículum de diversas titulacións e deseñar instrumentos de investigación.	Materias dos graos vinculadas a menstruación e deseño de instrumento de diagnóstico. Facultades de Fisioterapia e Ciencias da Educación.
MENSTRUACION NA UNIVERSIDADE: RETOS E SINERXIAS	Considerar iniciativas e liñas de actuación para incluír a menstruación na axenda institucional.	Creación de rede interna e externa para tentar vías de abordaxe institucional da menstruación: OIX, OMA, OCV, Facultades de Fisioterapia, Económicas, Ciencias do Deporte, Ciencias da Educación, Oficina de Igualdade UVigo
IMAXES QUE MANCHAN:	Construír unha narrativa	Implementación nas aulas de Ciencias da

Proxecto	Obxectivo	Accións
FOTOGRAFÍA PARTICIPATIVA E MENSTRUACIÓN	colectiva que vincule o persoal e o social mediante a produción de imaxes sobre a menstruación.	Educación, obradoiros e mentoría
IMAXINANDO REGLAS: IMAXINACIÓN, SOCIOLOXÍA E MENSTRUACIÓN	Reconceptualizar a menstruación, aplicando a imaxinación sociolóxica (suceso/sociedade, pasado/presente)	Implementación da metodoloxía nas aulas de Socioloxía e a Universidade Senior
O SANGUENTO IMPACTO DOS PRODUCTOS MENSTRUAIS DUN SO USO	Denunciar os graves e múltiples impactos dos produtos menstruais dun só uso	Semana Menstruoambiental, Palestras: "Unha perspectiva-económico financeira: taxa rosa, pobreza menstrual e custo de xestión de residuos" e "Os impactos ambientais dos produtos dun só uso OCV, Facultade de Económicas. Campaña Lixo Retrete (Retoque Retro) toda UDC

Como pode verse, os proxectos afondaron no propósito de menstrualizar a universidade, a formación e a investigación, incluír a organizacións sociais nos procesos e diversificar as accións. Denunciaron o envelenamento dos nosos corpos e do planeta polos produtos menstruais dun só uso. Desenvolveron metodoloxías participativas e críticas como o fotovoz e a estratexia da imaxinación sociolóxica. Experimentaron co procesos artísticos . Fixeron visible as experiencias de mulleres con circunstancias vitais vulnerables, a aproximáronse á menstruación dun xeito poliédrico, para dignificar unha condición biolóxica escondida e pór o coidado de nós e do noso planeta no centro. A documentación dos procesos, que pode consultarse na web de laboratorios bibliotecarios, fai posible a transferencia dos mesmos.

Utilizando a matriz de dominación (Collins, 1990 en Martínez-Palacios, 2017) podemos revisar o nivel de cuestionamento acadado. En primeiro lugar, seguimos a constatar que elixir a menstruación como tema académico é un atrevemento institucional, epistemolóxico e curricular que axuda naturalizar a seu tratamento e desestigmatiza o seu estudo. Ao facelo usando as lentes políticas da participación cidadá elévase o estatus sociopolítico dunha

práctica que se quere manter na intimidade. Considerando o dominio interpersoal das relacións intersubxetivas, foi necesario continuar a nosa propia deconstrución, porque nosoutras mesmas, profesoras, colegas e estudantes reproducimos o mandato de silencio que o patriarcado impón sobre a menstruación nas actividades académicas. Xuntas fomos quen de tentar reverter o *habitus* da menstruación O dominio hexemónico, responsable da validación da opresión mediante a cultura, as crenzas e a linguaxe, tamén foi revertido pola amplificación que supuxo usar a menstruación como eixo do noso LAB no contorno formativo dos Laboratorios Bibliotecarios. Multiplicáronse accións formativas e educativas relacionadas coa menstruación en diversos servizos e entidades dentro e fóra da Universidade. Sobre o dominio estrutural, o proxecto “Menstruación na Universidade: retos e sinerxia” constitúe un primeiro intento de inclusión da menstruación nas normativas e políticas da Universidade. Ademais dos cambios humildes, provocados por practicas educativas transformadoras con perspectiva de xénero (Robinson-Keilig et al., 2014) acadouse un nivel de implicación institucional que supón amplificar a presenza da menstruación.

Desenvolver un laboratorio cidadá resulta disruptivo dende a lóxica pechada do funcionamento institucional tradicional, tamén dende a Universidade que sacraliza o coñecemento científico como superior. Mesturando saberes académicos, experienciais e profesionais, metodoloxías críticas e participativas, cambio de roles, planificación crecente, proceso simpoiético impulsouse a democratización dos proceso, aumentando a repercusión no contexto comunitario e social máis amplío (Gómez Nicolau e Marco Arocas, 2020).

4. CONCLUSIÓNS

Co laboratorio traspasamos as fronteiras académicas para achegármonos aos distintos servizos da Universidade e á sociedade, creando sinerxias entre múltiples axentes e actores. Dúas dinámicas entraron en xogo:

- Despatriarcalizar a Universidade, o currículo, a política institucional e a investigación.

- Desacademizar a Universidade, potenciando a transversalidade nos axentes implicados e nas accións .

